

A N A D A

MUSICA.- TOMITA "A Catedral sumerxida" (2'06" - 6'16")

19" TEXTO 1.- Hai moito tempo, denantes de que houberse Universo,
só existía a Nada...

A Nada era un todo absoluto cheo de eso...de nada.

EFFECTO.- "Sons de asubios" (39")

1'23" TEXTO 2.- Na Nada vivían uns seres sen corpo, chamados
Ninguén.

Os Ninguén estaban feitos de nada, pois vivían
nunha dimensión de nada.

2'32" TEXTO 3.- Tódolos Ninguéns xuntaronse facendo un só ser,
cecais sexa porque eles todos non son senón un só...
vai ti a saber.

3'06" TEXTO 4.- Ou tal vez eran un barullo moi confuso...eu non
volo sei.

MUSICA.- TOMITA "Passepiéd" (2'15" + 2'07")

22" TEXTO 5.- Os Ninguén facían como se no espacio valeiro
existisen cousas, pero todo era froito do seu maxin,
pois eles que vivían na Nada, non precisaban de nada.

MUSICA.- STRAVINSKI "A marcha do soldado" 1'27"

43" (6'09") TEXTO 6.- Uf, menudo ~~de~~ aburrimento sentían decote, iso
de non ir para adiante nin para atrás, iso de estar
en ningures era un pouco aburrido.

MUSICA.- STRAVINSKI "O violón do soldado" 44"

1'24"
(6'50")

TEXTO 7.- - Xa hai infindas eternidades intemporais que fi-
camos así...xa é hora de inventar algo para nos di-
vertir, dixo Ninguén.

- Pero o qué, repreciron os outros ninguéns.

- Non o sei, o que sexa con tal de acabar con esta
eterna monotonía.

1'58"
(7'24")

TEXTO 8.- - Xa sei!, podemos facer que facemos algo, dixo
Nunca.

- Cala, cala, Nunca, iso vímolo facendo dende hai
moito tempo, menudo coñazo, afirmou Non.

MUSICA.- UATKI "Promesas do sol" (2'36" - 3'42")

59"

TEXTO 9.- - Claro!, podemos fuxir da Nada a outra parte,
sentenciou Ninguén.

- Pero si aló da Nada aínda hai menos, dixo Non.

- Amais está a barreira que non nos deixa saír
desta gaiola...teremos que ficar aquí para sempre,
rosmou Nada.

- Pois eu quero tentalo, a Nada é tan vella que
algún defecto ten que ter, dixo Ninguén.

MUSICA.- UATKI "Promesas do sol" (1'01")
"Promesas do sol" (4'07" - 5'22")
"Efecto silabeante"

MUSICA.- VIVALDI "2º movimento do concerto de flautino" 3'07"

7"

TEXTO 10.- - Eu voume deitar un cacho, estou canso, rosmou
Ninguén.

~~- Vana, como vos estar canso se non fixeches nada,
ríronse os outros.~~

- ~~Por iso esteu canso, vou botar unha cabezadita.~~
- ~~Estás tí hó... mais se con iso te consolás... adiante.~~

59" TEXTO 11.- Ninguén deitouse a durmir pracidamente...

1'13" TEXTO 12.- Pero dalia a un bocadiño, ergueuse todo alpori_ zado:

- Ei, pasame algo, berrou Ninguén.
- Como te pode pasar algo si es nada. *42*
- Non, de certo que me pasa algo, teño a sensación de como si existise algo... como si ademais da Nada houbera un lugar con un todo, con algo así como con cousas.
- E cómo sabes que son cousas, se nunca as vichez. *43*
- O intu^o, dixo Ninguén.

2'13" TEXTO 13.- Ninguén deitouse de novo e botouse a durmir... e coa capacidade de poder sentir e ver máis aló da negrura inmensa ~~enchida de silencios intrínsecos~~, caseque sen darse de conta, Ninguén inventou os soños...

A PLANIMETRIA

2'44" TEXTO 14.- No soño Ninguén atopou a luz.

- Ah, que fermosura!, que pena que só sexa a antí_ tes^o da oscuridade, laíabase Ninguén...

MUSICA.- STRAUSS "Pizzicato Polka" 2'

3" TEXTO 15.- Mais de pronto, apareceu unha cousa pequerrechíña...

- Iso que é, tatexou Ninguén, cecais sexa que volta de novo a oscuridade?...

Ninguén trem^íba, o seu soño asemellaba ser unha idea cativa, ou tal vez o seu maxin non daba pra mais...

De súpeto, aquela cousiña escomenzou a pasear

pola luz, devagariño primeiro, logo un pouco máis apressa.

Axiña, ía dun lugar para outro, como querendo tentar descubrir cada anaco de luz.

- Maravilloso!, cavilou Ninguén, por fin acontece algo !.

E cal sería a súa sorpresa cando xunto a ese punto apareceron outros...Todos brincaban pola luz ó tempo que a ledicia de Ninguén era maior.

MUSICA.- STROMAYER "Schöne Ida" 3'
STRAUSS "Sperl Polka" 2' 08"

6" TEXTO 16.- De repente, apareceu unha recta, ~~que non era outra cousa que un conxunto de puntos...~~

Niso apareceu otra...

As dúas rectas xuntaronse por unha das súas beiras, convertendose: nun ángulo ~~recto!... nun ángulo obtuso!... nun ángulo agudo!~~...

E así como quen non quere a cousa, no seu soño Ninguén inventou a bidimensión, e deseguida escomenzou a medrar o mundo da Planimetría e a evolución das figuras xeométricas...

~~Niso outra recta caeu na luz...~~

1'17" TEXTO 17.- ~~Timidamente, fai onde un ángulo e apegándose os seus extremos libres, xuntousea eles e pechando o ángulo convertese nun triángulo equilátero...~~

2'50" TEXTO 18.- Os triángulos evolucionaron deica converterse en cuadrados...

3'38" TEXTO 19.- Os cuadrados en pentágonos...

4'38" TEXTO 20.- ~~Os pentágonos~~ ^{Estes} en hexágonos...e ~~certos máis lados~~

~~mais, mais alto era o seu posto na sociedade...~~ Ate
conseguiu a figura máis perfecta: a circunferencia,
que era quen posuía toda a cultura do seu mundo.

MUSICA.-	STRAUSS	"Danubio Azul" (1'42" - 2'42")
	180	40"
	EFECTO	"Sirena fábrica" (7" - 13")
	180	40"
	180	10"

9" TEXTO 21.- A vida na bidimensión transcurría perfecta, sen sobresaltos, a orde social non tiña defecto ^{ningún} ~~algun~~... monótonamente ledos convivían triángulos con cuadra- dos, rectángulos, rombos, romboides, trapecios e trapezoides e moitas figuras mais.

MUSICA.- BIZET "Danza Bohemia de Carmen" (3' 34")

19" TEXTO 22.- Mais un día, un pequeno triángulo achegouse a beira da Planimetría e dubidou...
 Foi ~~A~~ onde un pentágono e preguntoulle...
 - Pentágono, ¿qué hai máis aló do plano?..
 - Non penses herexías, rapaz, iso non o sabe ^{ninguén} ~~ningun~~.
 Non conforme coa resposta, o triángulo foi xunto o octógono e preguntou...
 - Octógono, ¿hai outras cousas máis aló do plano?..
 - Pretendes facer un cisma, chaval...deixa de adubiar e concentrate no teu posto na sociedade...
 Como as respostas non eran do seu agrado, decidiu ir onde a circunferencia, o ser máis perfecto de todos eles, deseguro que ela sabería dar resposta o seu dilema.

1'24" TEXTO 23.- - Circunferencia, perdoe a molestia, ben sei que vostede é unha figura moi ocupada...pero teño unha dúbida que me ten moi nerviudo e non acougo ben.

- Fala, triánguliño, a difíciles preguntas, mais sabidas respostas, fala.

- ¿Qué hai máis aló da nosa dimensión?...

- Estás de leria, mocoso, vai enredar cos teus amigos...Aínda os máis sabidos non atoparon resposta... Deixa de adubiar e vai xogar coas figuras do teu tempo.

Coitado, o triángulo foise cavilando na posibilidade de atopar algo novo...

A evolución sería unha grande cousa para a súa xente...

2'40" TEXTO 24.- Os días fan pasando e nada novo acontecía.

MUSICA.- SCHUMANN "Kinderszenen" 1'

3" TEXTO 25.- O triángulo non deixaba a súa teima...Asexaba por todas as partes da planimetría querendo descubrir un máis aló...

E así foi que un día atopou un burato por onde se podía adentrar noutro mundo...

Foi correndo onda os seus e berraba: Ei, amigos, atopei unha regandixa que leva a outro mundo!.

- ¿Qué pasa?, preguntábanse as figuras xeométricas, ó tempo que se xuntaban todas ó redor del.

- Ei, compañeiros, descubrín un mundo máis evolucionado fora da Planimetría, máis aló das dúas dimensións...hai un espacio cunha dimensión máis...

É a terceira dimensión!

10

MUSICA.-	ORFF	"Carmina Burana".1º	53"
		"Carmina Burana".2	1'42"
		"Carmina Burana".20	38"

TEXTO 26.- - Anatema, herexe!, berraban as figuras planas ~~cuspiado sarrapios a cito, non deixaban dar máis explicacións e triángulo...~~

1'22"
(73")
TEXTO 27.- Deseguida os mediocres, cheos de carraxe, foronse ~~chivar~~ chivar ós gobernantes...e estes mandaron prender.

1'52"
(51")
TEXTO 28.- - ¿Qué pretendes coas túas tolemias, queres desestabilizar a paz e a orde social?, preguntou a suprema circunferencia.

TEXTO 29.- Os mediocres pediron a máxima pena...¿cómo alguén pode xogar a algo mais do que marcan as pautas da convivencia social?, se preguntaban...

Só os xenios poden facelo...pero, os xenios o son cando están mortos, ~~(antes son perigosos) subversivos~~ antes son molestos, perigosos, polo tanto temos que desterralos da nosa sociedade...

Qué se vaian cas súas andromenas a outra parte!...

2'43"
(104")
TEXTO 30.- - Non se pode tolerar tal blasfemia, tanta perversión... temos que dar un exemplar castigo, dictaminou o xuíz supremo.

TEXTO 31.- - O mellor é borrarlo do plano!, sentenciaron os mediocres.

~~A enxada cerril eclipsaba a boa nova...cunha louca de alcorno coma lóstregos, así foron emudecendo a voz da lucidez.~~

TEXTO 32.- - Quedas desterrado da nosa sociedade de hoxe para sempre, dictou enconada sentencia a circunferencia ó tempo que baixaba a súa secante.

TEXTO 33.- ~~Un marmurio de rexoubos enchían de ledicia ós seus verdugos. Abalo infantas gorgalladas estarríban de noventa vaidade ós trosmas escolásticos da catodra da mediocridade.~~

MUSICA.- PERGOLESSI "Stabat mater" $1'12''$

6" TEXTO 34.- O malpocado triángulo, devagariño, foise cara ningures, malcontreito e melancónico, coa impotencia esterrecendolle todo o seu pequeno ser...

34" TEXTO 35.- Dubidoso, o triángulo quedou ó rente do burato de saída...
- ¿E si os meus teñen razón?, aínda estou a tempo de ir onda eles e pedirilles perdón.

57" TEXTO 36.- Matinaba, dar o paso que pretendía sería o definitivo, xa non habería volta atrás...

MUSICA.- DVORAK "Humoresque" $3'24''$
19" TEXTO 37.- Deseguidiña ollou para catro triángulos coma él...

- Asemellaba que a diferencia entre o seu mundo e este non era pra tanto...
- Cecais non pagasen a pena tantos sufrimentos...
- ¿Estaría confundido na súa análise e sería todo o mesmo?.

TEXTO 38.- Niso os catro triángulos xuntaron os seus lados e converteronse nun fermoso tetraedro...

Incríble!, por primeira vez puido comprobar que as súas teorías eran certas...alí estaban esas figuras, o prisma, o tetraedro, o cubo...que se podían ollar por todas partes e dende calqueira punto nun espacio que asemellaba infinito...

$1'41''$ TEXTO 39.- Todo o seu ser tremía, un chisco polo medo e outro pola emoción...

De súpeto, nun acto de total inconsciencia, deu un chouto e sen mais adentrouse na terceira dimensión.

2' 18" TEXTO 40.- Acomplexouse o comprender que fora do frente o seu corpo aínda xamáis podería ter perfil...

2' 32" TEXTO 41.- Esquecendose do seu problema, aledouse de ser o primeiro do seu mundo que contemprou o miragre de como a bidimensión se convertía na tridimensión dun xeito tan sinxelo...

Nos seus cavilamentos non se adecatou como unha pirámide xogantina tropezaba con él.

- Ahh, berrou a pirámide, unha pantasma!
- Non son unha pantasma, dixo o triángulo, eu son un ser dunha dimensión anterior a vosa, eu veño da Planimetría...

MUSICA.- RIMSKI-KORSAKOV "O vó do moscardón" 58"

6" TEXTO 42.- Con certo medo a pirámide berrou:

- Ei, irmáns, acabo de descubrir unha pantasma!
- Un monstro!
- Un ser que só ten frente, pero non ten perfil!
- Un bicho totalmente plano!
- Imos a por él!...hai que liquidalo!...cecais sexa unha epidemia!, berraban, enconados, os espacios xeométricos.

O triánguliño non sabía onde agocharse, o seu corpo tremía, abafado tentou poñerse de perfil, pero non tiña...

MUSICA.- LOEILLET "Sonata" 52"

TEXTO 43.- Silencio!, facendo acto de presencia a esfera

coa voz coma un trono, calou a toda a concurrencia...

- Non vos da vergoña aldraxar así a un ser inferior?.

- Esa peste pode acabar con nos, dixo o cilindro.

- Non vai rematar con ninguén, perdede o medo..Eu amañarei o problema...

1'50" TEXTO 44.- Logo de observar a tan primitiva forma, levouno o seu taller coa intención de buscar solución o problema...

MUSICA.- BRITTEN "Simple simphony" 2. (3'08" + 1'50" - 3'02")

2'50" TEXTO 45.- O tempo foi pasando...e a sabida esfera atopou, non sen poucos esforzos, ^{desenvolver} desenrotar un corpo tridi_mensional para o triángulo...

3'50" TEXTO 46.- A súa facha era un pouco rara, pois o construiu con remendos doutras figuras, que si un cuadrado, que si un rombo, que si un apaño por aquí, outro por alá...aínda que non bonitiño, si que era un de_ seño orixinal...

Que mais ten, o caso é que o triángulo podía sentirse tridimensional...

MUSICA.- STRAUSS "O morcego" (38" - 5'03" + 3'50" - 5'02")

19" TEXTO 47.- O primeiro era torpón e o ter que aprender a ser volumétrico, adoecciónalle todo o seu novo corpo...

1'02" TEXTO 48.- Os espacios xeométricos esforzabanse en facer mais doada a súa aprendizaxe con xogos e brincadeiras.

3'22" TEXTO 49.- Así pasou o tempo, gañando o respecto dos seus novos compañeiros e pulindo o seu estrafalario corpo...

3'40" TEXTO 50.- - Ei, ei, preguntoulle unha rebuligueira pirámide...
- ¿Qué hai mais aló da terceira dimensión?...

3'36" TEXTO 51.- Un sorriso dibuxouse na súa faciana, erguendo a súa cabeza cara o infinito, matinou en novos mundos, en novas dimensións ó tempo que se lembraba do seu antigo pobo...o plano. —

4'22" TEXTO 52.- Teño que ir onde os meus e mostrarlles como se pode evolucionar...
 - Eu de tí pensaríalo dúas veces, dixolle a esfera, a tí ~~cost~~stouche moitos esforzos chegar o que es agora, e as figuras planas son moi teimudas coa evolución... a elas sobralles co que teñen...
 - Non quero ser egoísta, que fagan o que queiran, pero creo que lles teño que dar a oportunidade de poder ir cara adiante, de que esquezan o seu letargo evolutivo...
 - Pois si así o desexas, así debes facelo...

5'14" TEXTO 53.- Cheo de si o triángulo, agora novo corpo xeométrico, voltou a súa antiga dimensión...

MUSICA.- BRITTEN "Simple simphony"4 (2'44" + 1'40" - 2'50")

16" TEXTO 54.- Os problemas para entrar na bidimensión eran infinitos, pois agora só podía apoiar no plano un dos seus lados, os outros eran sombras esvaídas.

43" TEXTO 55.- Mentres loitaba para entrar enteiro na bidimensión, ollou a un fato de figuras planas...
 - Ei, paisanos traiovos unha boa nova...
 Tódalas figuras xeométricas fuxiron alporizadas como quen ve o demo.

TEXTO 56.- - Non temades, son eu, aquel ridículo triángulo do que vos desleigastedes hai moito tempo...Mirade

aínda conservo algo da miña antiga imaxe...

1'28" TEXTO 57.- Un silencio total invadiu toda a planimetría.
 Ninguén daba creto, por qué tiña que voltar aquel
 que foi desterrado...e aínda menos agora que tiña
 un corpo que xa non pertencía a súa especie...
 Un medo atroz invadiunos a todos e a confusión
 foi total.

2'07" TEXTO 58.- Os mediocres conspiraron de novo, foron xunto
 a circunferencia e aduanaron como rematar con aquel
 que perturbaba a paz e a orde social matematicamente
 perfecta.

2'28" TEXTO 59.- - Ah, amigos, vouvos ensinar como se pode chegar
 a terceira dimensión, a cousa é ben fácil...
 Sen deixarlle rematar as súas explicacións, un
 dos mediocres colleu unha recta e tentoun espetala
 no seu corazón afrixido...Os demais bateron nel deica
 fartarse.

3'10" TEXTO 60.- Case sen tentos, foise cara o burato ^{de saída e meténdose} ~~que daba~~
^{de saída e}
~~meténdose por el~~ ^{meténdose por el regresou a terceira dimensión}
 a terceira dimensión e ~~meténdose por el...~~ ^{desapareceu}
~~o seu novo mundo~~
 para sempre...

3'40" TEXTO 61.- ^{ó mesmo tempo} A circunferencia mandou tapiar aquela regandixa,
 de tal xeito que non puidera abrirse xamais...

R

de saída e meténdose por el